

O LIBERALISMO

No **Segundo Tratado sobre o Goberno Civil**, Locke senta as bases do **liberalismo político moderno**. O liberalismo é unha corrente filosófica que se basea na idea de liberdade e igualdade, ademais de ser unha ideoloxía de difícil definición, xa que existen sobre ela visións moi distintas e ata opostas.

a) O estado de natureza

- **T. Hobbes** (1558-1679) describe o estado no que viviría a humanidade nun momento previo a calquera asociación entre persoas ou á aparición dunha forma de goberno que as coordine. Esta situación para Hobbes é insoportable, dado que concibe ao ser humano á imaxe do Príncipe de Maquiavelo: un egoísta agresivo e perverso por natureza que só busca o sometemento dos demais, negando a tese aristotélica de que o ser humano sexa un animal social. Hobbes define o estado de natureza *Bellum omnium contra omnes* (guerra de todos contra todos). Polo tanto, só un monarca absoluto pode, mediante a forza, someter aos seres humanos que por natureza se enfrontan entre si.
- **Rousseau** (1712-1778) defende a hipótese oposta: antes de que a política, o Estado e a lei pervertesen aos homes, vivían felices e en liberdade, xa que por natureza todos somos libres e iguais. Por mor da organización social, os homes viven encadeados. O estado de natureza é o estado ideal, e o único acordo válido ou **contrato social** prodúcese se todos aceptan a **vontade popular**. A soberanía popular é a única que pode validar unha lei.

Entre ambos os pensadores sitúase **Locke**, que replica a Hobbes: o **estado de natureza** caracterízase pola **liberdade e igualdade** de todas as persoas. Manteranse nese estado ata que, pola súa propia vontade, se convertan en membros dunha sociedade política seguindo unha lei común.

Este estado non é caótico e violento, como dicía Hobbes, xa que existe unha **lei moral natural** que o regula, e tal lei é a **razón (Lei de reciprocidade: recoñecer nos demais os dereitos que quero recoñecidos para min)**. Toda persoa sabe que non debe danar a **liberdade**, a **vida** ou as **posesións doutras** (propiedade privada). Deus fai evidente esta lei universal á razón humana, e imponse aos individuos en ausencia de todo Estado e lexislación.

Polo tanto, a moral e a política supedítanse á relixión. O **cristianismo** é a base da lei moral natural, que manifesta, ao mesmo tempo, a existencia duns **dereitos naturais** e os seus deberes correspondentes.

Como acabamos de ver, posto que o ser humano ten o deber e o dereito a defender a súa vida, a liberdade e a propia conservación, ten dereito a posuír os bens necesarios para este fin. Por iso, o **dereito á propiedade privada é un dereito natural**. O título de propiedade é o **traballo**. É certo que Deus non dividiu a terra, senón que esta pertence por igual a todas as criaturas; pero a razón déixanos ver que a existencia da propiedade privada concorda

coa vontade divina, xa que aquilo que a persoa obtén mediante o seu traballo pertécelle tanto como o seu propio traballo.

b) O pacto ou contrato social

No estado de natureza todos coñecen a lei natural e os dereitos dos demais, pero non sempre son respectados. Para conseguilo, debe constituírse unha **sociedade organizada** mediante un **acordo ou pacto** establecido entre todos e baseado no **libre consentimento**.

A orixe da sociedade civil e do goberno é, pois, un pacto, un **contrato social** aceptado libremente, onde a persoa renuncia aos seus poderes legislativos e executivos en favor da sociedade, pero **non renuncia á súa liberdade**, aínda que se limita.

Ademais, o poder do Estado non pode estar concentrado en quen o representan: "É evidente que a monarquía absoluta, a cal é considerada por algúns como a única forma de goberno válida no mundo, é de feito incompatible coa sociedade civil". Ben ao contrario: a garantía de que non se produza abuso de poder radica nunha **división en tres ámbitos diferenciados** que deben ser detentados por persoas distintas.

- **Poder legislativo:** constitúe o poder supremo en sentido estrito (assemblea). Crea e revoga leis, pero non é un poder absoluto: ten que responder á confianza posta nel e respectar a lei moral natural.
- **Poder executivo** (gobernantes): ordena o cumprimento dos mandatos do legislativo.
- **Poder federativo:** representa ao Estado no estranxeiro e cumpre a función do poder legislativo cando este en situacións de crise non pode reunirse.

Locke crea así o esquema dunha posible **monarquía parlamentaria**: a assemblea (parlamento) dita as leis que nun segundo momento o goberno ordena cumprir. Limitase así o poder, e o gobernante estará sempre baixo o poder do pobo, representado pola *assemblea*, tendo os electores o dereito a retirar a súa confianza e rebelarse cando este non cumpre coa súa función.